Resumo

– A OBRIGA DA INFORMACIÓN CONTABLE NA EMPRESA

O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (2007)

Establece a obriga legal para

AS EMPRESAS

Outros documentos → **BALANCE SOCIAL**

De

REPRESENTAR A IMAXE FIEL DO PATRIMONIO E DOS RESULTADOS

Obxectivo ← **A CONTABILIDADE**

Emprega

CONTAS

Para representar

ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Nas

CONTAS ANUAIS

Son

- **Balance de Situación**
- **Conta de Perdas e Ganancias**
- **Estado de Cambios no Patrimonio Neto**
- **Estado de Fluxos de Efectivo**
- **Memoria**

Control externo → **AUDITORÍA**

PATRIMONIO EMPRESARIAL

O patrimonio da empresa está formado polos **bens, dereitos e obrigas** que nun momento determinado posúe unha empresa. Cada ben, dereito e obriga da empresa é un **elemento patrimonial.**

LIBROS OBRIGATORIOS DA CONTABILIDADE

O **Libro de inventarios e Contas Anuais** e o **Libro Diario**. As sociedades mercantís levarán ademais un **Libro de actas**.

As empresas deben presentar estes libros obrigatorios no **Rexistro Mercantil** correspondente ó seu domicilio.

AS CONTAS

Unha conta serve para representar aos **elementos patrimoniais**.

CORRECCIÓNS VALORATIVAS: AS AMORTIZACIÓNS

A **amortización** dun activo non corrente é un **gasto** recollido na **Conta de Perdas e Ganancias** pola **depreciación** que cada ano teñen eses elementos do activo.

A **amortización acumulada** e un fondo que recolle a suma dos gastos ou amortizacións e cada ano. Este fondo serve para poder repoñer o activo depreciado. A amortización acumulada aparecerá no **Balance** con signo negativo, pois resta o valor do activo en cuestión. Así corrixe o valor dos elementos no balance.

PLAN XERAL DE CONTABILIDADE

É unha **norma legal** que desenvolve as obrigas contables das empresas.

O actual PGC foi aprobado no 2007 e é de aplicación **dende o 1 de xaneiro de 2008**.

CONTAS ANUAIS

Documentos que integran as contas anuais: Balance, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de Cambios no Patrimonio Neto, Estado de Fluxos de Efectivo e Memoria.

Balance

O Balance de situación é un estado contable de natureza estática que representa a estrutura económica-financeira da empresa.

Estrutura do Balance:

BALANCE

ACTIVO NON CORRENTE	**PATRIMONIO NETO**
Inmobilizado. Intanxible	Capital
Inmobilizado material	Reservas
Investimentos inmobiliarios	Resultados de exercicios anteriores
Investimentos financeiros a longo prazo	Resultado do exercicio
ACTIVO CORRENTE	**PASIVO NON CORRENTE**
Existencias	Débedas a longo prazo
Debedores comerciais	**PASIVO CORRENTE**
Investimentos financeiros a curto prazo	Débedas a curto prazo
Efectivo e outros activos líquidos	Acredores comerciais

Conta de perdas e ganancias.

A conta de perdas e ganancias recollerá o resultado do exercicio, separando debidamente os ingresos e os gastos, e distinguindo os resultados de explotación dos que non o sexan.

Estrutura:

RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (+ / -) =	INGRESOS DE EXPLOTACIÓN - GASTOS DE EXPLOTACIÓN
RESULTADO FINANCEIRO (+ / -) =	INGRESOS FINANCEIROS - GASTOS FINANCEIROS
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS =	RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN + RESULTADOS FINANCEIROS
RESULTADO DO EXERCICIO (+ / -) =	RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS - IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS

Estado de cambio no patrimonio neto

O ECPN é unha das novas contas anuais. Ten como obxecto informar dos motivos ou causas que provocaron cambios no patrimonio neto dun exercicio a outro.

As causas que orixinan son o resultado do exercicio, ampliacións e reducións de capital, subvencións, correccións ou axustes valorativos en elementos patrimoniais.

Estado de fluxos de efectivo

Porá de manifesto os cobramentos e os pagamentos realizados pola empresa, co fin de informar acerca dos movementos de efectivo (caixa ou bancos) producidos no exercicio. O EFE non é obrigatorio para as PYMES.

Memoria

É o documento no que se describe, comenta e completa a información recollida nas outras contas anuais.